

ASUNTO: APERTURA PRAZO PRÓRROGA BOLSA DE EMPREGO PARA OS POSTOS DE CONDUTOR OPERARIO E PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS PARA O ANO 2024

EXPEDIENTE: 25/2024

ANUNCIO

O día 12/01/2024 ditouse a seguinte resolución da Alcaldía:

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES

1. No BOP núm. 64 do 04/04/2017 saíron publicadas as Bases para a formación de dúas bolsas de traballo para realizar contratacións laborais temporais como condutor operario e peón de obras e servizos municipais para o Concello de Moeche.

2. Na base duodécima, donde explica o proceso de prórroga da bolsa de emprego, di que cada ano se abrirá un prazo que contará dende o 15 de xaneiro ao 14 de febreiro. Durante este prazo as persoas que xa figuran inscritas na bolsa poderán presentar novos méritos e aqueles interesados que non figuren poderán presentar a solicitude de inclusión na bolsa.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Abrir o prazo desde o 15/01/2024 ao 14/02/ 2024 para que as persoas que xa figuran inscritas na bolsa presenten novos méritos, así mesmo aqueles interesados que non figuren na mesma poderán presentar a solicitude de inclusión na bolsa de acordo co establecido na cláusula sexta das bases. En todo caso só se terán en conta os méritos alegados que o solicitante reúna o primeiro día da apertura do período de actualización.

Segundo.- A nova lista exporase no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.

Moeche, na data da sinatura dixital.

A alcaldesa.

Asdo.: Beatriz Bascoy Maceiras.

